

## Certificado

---

**M<sup>a</sup> Pilar Cela Álvarez**, secretaria accidental do Concello de **Oleiros** (A Coruña).-

### **CERTIFICO:**

Que na sesión extraordinaria do Concello Pleno que tivo lugar o día 30 de xuño de 2021 adoptouse o acordo seguinte:

**“Punto 4.- Aprobación definitiva, se procede, do Estudo de Detalle do quinteiro M-4 do Plan Parcial de ordenación do Sector SUPO 1-R “Carballido” - Perillo**

“Expte. FG Nº 656:

O estudo de detalle ten por obxecto completar ou reaxustar as aliñacións e rasantes, ordenar volumes edificables e concretar as condicións estéticas e de composición das edificacións.

Por Decreto da Alcaldía Nº 202005186 aprobouse inicialmente o ESTUDIO DE DETALLE DO QUINTEIRO M4 DO PLAN PARCIAL DE ORDENACIÓN DO SECTOR SUP 1-R “CARBALLIDO”, PERILLO (Documento R.E. Nº 2020015553 do 11.11.2020) promovido pola Comunidade de herdeiros de J.M. Rodríguez C.B. e Manuel Alen Martínez con condicións.

Someteuse o expediente a información pública polo prazo dun mes mediante anuncio que se publicou no Diario Oficial de Galicia Nº 254 do 18 de decembro de 2020 e no xornal La Voz de Galicia do 17 de decembro de 2020.

Presentouse unha alegación de Maria Carlota Pita Pita o día 19.01.2021 co R.E. Nº 2021000663, que foi informada polo arquitecto municipal o día 01.02.2021 como segue:

**“Datos alegación:**

*Interesado: Carlota Pita Pita.*

*Datos rexistro: Nº 2021000663 do 19.01.2021.*

*Carlota Pita Pita como herdeira de Álvaro Pita Garrido, propietario dunha parte indivisa 25%) da parcela 1041 do Estudio de Detalle presenta alegación ó mesmo, alegando os seguintes aspectos:*

- 1. Na alegación primeira limitase a acreditar a lexitimación, interese e identificación.*
- 2. Na alegación segunda se considera, que o Estudio de Detalle realiza a parcelación das parcelas do quinteiro M4 cando non é unha competencia propia dos Estudios de Detalle parcelalo solo.*
- 3. Na Alegación Terceira, solicita unha serie de correccións e/ou aclaracións.*

*Con respecto os aspectos alegados infórmase o seguinte:*

*Alegación primeira: Non ten máis contido que o de identificación e lexitimación.*

*Alegación segunda:*

*O Estudio de Detalle non fai parcelación ningunha tal e como recolle literalmente na parte expositiva o Decreto de aprobación inicial:*

*“Para a obtención de licenza de edificación deberá tramitarse con posterioridade á aprobación deste documento as parcelacións que resulten necesarias, xa que o Estudio de Detalle non pode parcelalo solo, entendéndose as subparcelas indicadas como unha mera aproximación á ordenación pretendida.”*

*As subparcelas grafiadas no Estudio de Detalle son unha simple aproximación á ordenación pretendida mais non se fai parcelación ningunha neste documento xa que efectivamente os Estudios de Detalle non poden parcelalo solo. Será logo para a obtención de licenza de edificación cando*

*deberá tramitarse con posterioridade á aprobación deste documento as parcelacións que resulten necesarias de selo caso.*

*En canto a consideración que se fai sobre que o documento non establece determinacións para as futuras parcelacións, debe indicarse que estas determinacións as fixa a propia Normativa do Plan Parcial, sen que o Estudio de Detalle as poda modificar.*

*Polo exposto, a xuízo deste técnico, non procede a estimación desta alegación segunda no senso de que o Estudio de Detalle non parcelalo solo tal e como xa consta no documento aprobado inicialmente.*

**Alegación terceira:**

*Comenta a existencia do que considera imprecisións no contido do documento que son as seguintes:*

1. *Erro na transcripción do artigo 22 da Ordenanza de aplicación do Plan Parcial. O título do apartado 4 transcribiuse como "Sistema de ordenación", cando debería poñer "Edificaciones auxiliares".  
Neste extremo ten razón a alegante tratándose dun erro de transcripción que se deberá corrixir no documento definitivo que se aprobe.*
2. *Considera que non se define o modelo de ordenación de "actuaciones integrales" nin no Estudio de Detalle nin no propio Plan Parcial.  
Esta consideración e incorrecta. O Plan Parcial define as actuacións integrais no último parágrafo do artigo 10 da Normativa.*
3. *Cuestiona a regulación que fai o Plan Parcial na ordenanza de aplicación en canto a recuados e condicións de parcelación  
Con independencia de que son consideracións incorrectas, o Estudio de Detalle non altera a ordenanza de aplicación xa que non é competente para iso.*
4. *Expón que o estudio de detalle non concreta o recuado frontal .  
O Estudio de detalle mantén a determinación da ordenanza que fixa o recuado máximo frontal a tres metros sen que sexa obrigado determinalo ata o momento da edificación.*

*Polo exposto, a xuízo deste técnico, procede a estimación parcial desta alegación segunda no senso de corrixir o erro na transcripción do artigo 22 da Ordenanza de aplicación do Plan Parcial poñendo no título do apartado 4 "Edificaciones auxiliares".*

**CONCLUSIÓN:**

*Logo de velo informado procede desestimar a alegación presentada coa salvedade de corrixilo erro de na transcripción do artigo 22 da Ordenanza de aplicación do Plan Parcial. O título do apartado 4 transcribiuse como "Sistema de ordenación", cando debería poñer "Edificaciones auxiliares".*

*Con data 01.02.2021 requírese corrixir no documento para aprobación definitiva unha serie de aspectos. Con data 17.02.2021 preséntase novo documento que corrixiu os aspectos requiridos, se ben tiña que modificarse o soporte dixital xa que algún ficheiro estaba incorrectamente nomeado. Preséntase agora (con R.E. Nº 2021008249) novo CD cos ficheiros, co mesmo contido mais correctamente nomeados, así como nova declaración responsable do Anexo 9 das NNTTPUG, polo que pode procederse a súa aprobación e publicación."*

*Emitíronse informe técnico favorable o 24.05.2021 e informe xurídico o 28.05.2021 para a aprobación definitiva.*

*Por isto proponse ao Concello Pleno que adopte **ACORDO** co seguinte contido:*

**PRIMEIRO.-** Resolver a alegación presentada por Carlota Pita Pita o 19.01.2021 co R.E. Nº 2021000663 no sentido do informado polo arquitecto municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar definitivamente o ESTUDO DE DETALLE DO QUINTEIRO M4 DO PLAN PARCIAL DE ORDENACIÓN DO SECTOR SUP 1-R "CARBALLIDO", PERILLO. (Documento R.E. Nº 202102573 do 17.02.2021 e Documento R.E. Nº 2021008249 do 11.05.2021 en soporte dixital).

**TERCEIRO.-** Dilixenciar o documento R.E. Nº 202102573 do 17.02.2021 e documento R.E. Nº 2021008249 do 11.05.2021 en soporte dixital, e arquivar os documentos R.E. Nº 2020015553 do 11.11.2020 e R.E. Nº 2021001070 do 22.01.2021 ao ser substituídos polos que se aproban definitivamente.

**CUARTO.-** Proceder, no prazo dun mes, á publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia as páxinas 8 á 15 ambas as dúas incluídas da memoria, o que constitúe o contido da normativa do Estudo de Detalle.

**QUINTO.-** Comunicar este acordo á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo).

**SEXTO.-** Solicitar da Consellería de MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA, que proceda á inscrición do Estudo de Detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 88 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, artigo 212 do Decreto 143/2016 e Orde de 10 de marzo de 2017, pola que se establecen os modelos normalizados de solicitudes para a inscrición, modificación e certificación de datos no Rexistro de Planeamento urbanístico de Galicia.

**SÉTIMO.-** Publicar na web municipal o acordo de aprobación definitiva e o documento aprobado.

**OITAVO.-** Notificar aos titulares do terreo dentro do ámbito e ao equipo redactor.

**NOVENO.-** O Estudo de Detalle é unha disposición xeral, polo que contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao da publicación desta disposición."

E para que conste expido este certificado de conformidade co que dispón o art. 204 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), coa advertencia á que a fai referencia o art. 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta da sinalada sesión; Oleiros, asinado dixitalmente polo alcalde e por min, secretaria accidental, na data que figuran nas sinaturas deste documento.